

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	PRÁCTICAS DE ESCENOGRAFÍA / DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA
DISCIPLINA	Obradoiro de escenografía III
TITULACIÓN	Titulación Superior de Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
CURSO	4º (2º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	10 (2+8)
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Ana María Fernández Arteaga
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Ana María Fernández Arteaga Despacho: Departamento Escenografía – Servizos 2 Contacto: arteaga@edu.xunta.es</p> <p>Nome e apelidos: María Jesús Ramos Calvelo Despacho: Departamento Escenografía – Servizos 2 Contacto: chusrc@gmail.com</p>
DESCRIPCIÓN	Práctica do proceso completo de creación e construción escenográfica para un espectáculo, desde a concepción ata a representación, integrando os saberes e procedementos adquiridos durante toda a carreira. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ao ser una materia de cuarto curso enténdese a conveniencia de ter superadas as disciplinas dos tres anos anteriores, xa que a presente require aplicar tódalas competencias e coñecementos adquiridos en cursos anteriores.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA DISCIPLINA	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE1	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.
EE3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Optimizar o traballo en equipo e valorar a actividade das diversas especialidades que interveñen na creación da posta en escena	T1,T3,T7,T8 ,X3,X5, X6, EE3,EE2, EE5
2. Coherencia plástica e visual entre escenografía, vestuario e iluminación, en relación á proposta dramática e de dirección.	T2,T7,X4,EE1,EE2,EE3,EE5
3. Cumprir o plan de produción establecido.	T1,T3,X6, EE3
4. Guiar, coordinar e xestionase có equipo de traballo dende o inicio dos ensaios ate a presentación pública.	T1,T3,T8, EE3
5. Coñecer e manexar materiais e ferramentas.	T3,X5,X6, EE3,
6. Relacionar a teoría coa práctica	T1,T3,X5, X6 EE3,X5,X6
7. Abordar con autonomía e creatividade a resolución de problemas técnicos e construtivos.	T1, T3,X5, X6 EE3, EE5, EE2
8. Tomar as decisións pertinentes en cada unha das fases do traballo.	T1, T3,X5, X6 EE3, EE5, EE2
9. Comunicar ideas por procedementos gráficos e manuais.	EE2

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
Contidos do curso escolar 2019-2020 da disciplina (Obradoiro I) que se incorporan a esta programación.	Obradoiro I, considérase unha materia afín que posibilita o desenvolvemento dun proxecto básico de deseño ao igual que as materias Obradoiros II e III. Os contidos desta materia foron rematados no curso 2019-2020 aínda que non se profundizaron algúns aspectos, por lo que se contempla un repaso e reforzo dos contidos en Obradoiro II e III á hora de levar a cabo o proxecto realizado.	
1. Presentación da documentación do proxecto.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Planos de implantación. 2. Planos de construción e de detalle. 3. Figurinos. 4. Deseños técnicos de vestiario. 5. Plano de luces. 6. Maqueta. 	6h.
2. Plan de traballo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Cronograma de traballo, periodización. 2. Fases e procedementos: <i>planning</i>, requirimentos técnicos e construción: <ol style="list-style-type: none"> 2.2.1 <i>Escenografía (listado de materiais por pezas, fases e construción)</i> <ol style="list-style-type: none"> 2. <i>Vestiario e caracterización, selección de téxtiles e prendas, elaboración.</i> 3. <i>Iluminación.</i> 4. <i>Son.</i> 2. Fase de produción: dispoñibilidade das aulas e ferramentas. 3. Elaboración de listas de atrezzo e de vestiario. 	50h.
3. Traballo de ensaios	<ol style="list-style-type: none"> 1. Revisión e actualización de listas de atrezzo e vestuario. 2. Análise do movemento escénico: relación dos actores cos elementos escenográficos. 3. Probas de vestiario e caracterización, axustes e proposta final. 4. Probas de iluminación, axustes e proposta final. 5. Probas de son, axustes e proposta final. 6. Ambientación, imitación de materiais e acabados. 	50h.
4. Plan de montaxe en sala.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Montaxe de iluminación e audiovisuais. 2. Montaxe de escenografía. 3. Montaxe de son. 4. Visionado de vestiario en sala. 	10h.
5. Materiais para a recepción.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Programa de man. 2. Materiais didácticos e divulgativos. 3. Actividades diversas arredor do obradoiro (debates, exposicións, promoción...) 	10h.
6. Avaliación crítica.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Valoración crítica do resultado artístico acadado. 2. Valoración crítica da recepción. 	8h.
7. Rexistro, documentación e memoria final.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Organización e xestión de materiais documentais do espectáculo. 2. Memoria do espectáculo en conxunción co resto de participantes do equipo técnico-artístico. 	10h.

8. Postproducción	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desmontaxe 2. Catalogación de escenografía, utillería e vestuario. 3. Transporte e almacenamento. 4. Conservación. 	6h.
TOTAL SESIÓNS		150h.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial	Non presencial	Total
Actividades introdutorias	12h.		12h.
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	30h.		30h
Práctica individual		100h	100h
Práctica colectiva	100h.		
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias		14h	14h
Outros			
Tutorías individuais	12h.		
Tutorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	25h.		25h.
Actividades de avaliación. Revisión	7h.		7h.
TOTAL	186h.	114h.	300h
PORCENTAXE	62%	38%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como presentar a disciplina.
Presentacións e exposicións de materiais documentais.	Aplicación dos materiais documentais aproveitables para a escenificación e interpretación do proxecto.
Resolución de exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante o exercicio de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Presentación/exposicións	Exposición por parte do alumnado sobre algún dos contidos da disciplina.
Debates	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da disciplina, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema.
Traballo de aula	Desenvolvemento de prácticas específicas na aula baixo a supervisión do profesor.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno debe desenvolver a análise e resolución de problemas e o exercicios de forma autónoma.

Prácticas	Realización de actividades que permiten a integración de diversas disciplinas, e, enfrontan os alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da disciplina e adestrar entre outras as capacidades de cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Titorías de grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co/a profesor/a da disciplina para asesoramento/ desenvolvemento de actividades da disciplina e do proceso de aprendizaxe
Titorías individuais	Entrevistas que o alumnado mantén co/a profesor/a da disciplina para o asesoramento de aspectos concretos do desenvolvemento das actividades e da aprendizaxe

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado nas diferentes actividades avaliábeis.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inxerencias do alumnado.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Caderno de prácticas:		
1. Integración, colaboración co equipo técnico-artístico mediante rexistro de ditas reunións e asistencia a ensaios.	T1,T3,T7,T8,X3, EE3	20%
2. Caderno do escenógrafo (toma de decisións e adaptacións pertinentes a través do seguimento dos ensaios. Incluir toda a documentación coas adaptacións e melloras.)	T1,T3,T7,T8,X3, EE1, EE2,EE3,EE5	10%
Práctica escénica de construción, montaxe e desmontaxe.	T1, X3,X5, EE1, EE2,EE3, EE5	30%
Representación escénica: adecuación á posta en escena	T1, X3, X5, EE1, EE2,EE3, EE5	30%
Cumprimento de tempos e requirimentos do plan de produción e de posprodución	T1, X3,X5, EE1, EE2,EE3, EE5	10%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Realizarase un traballo que debe contemplar os puntos que están nos contidos da guía, restando o contido práctico, de execución e que dependen da integración.</p> <p>Os proxectos contemplan unha adaptación dos puntos prácticos á elaboración dun proxecto textual e gráfico do proceso completo de creación e construción escenográfica para un espectáculo, desde a concepción ata a representación, integrando os saberes e procedementos adquiridos durante toda a carreira.</p> <p>As partes prácticas que non se pidan realizar se avaliarán ca entrega dun suposto escrito.</p>		

1. Presentación de documentación gráfica de proxecto. Dossier final.	T1,T3,T7,T8,X3,X4, EE1, EE2,EE3,EE5	30 %
2. Suposto de plan de traballo e asistencia a ensaios.	T1,T3, EE3.	10 %
3. Suposto de plan de montaxe en sala.	T1,T3, EE3.	10 %
4. Materiais para a recepción.	T3, X6, EE2, EE3	10 %
5. Rexistro, documentación e memoria final.	T1,T3,T7,T8,X3,X4, EE1, EE2,EE3,EE5	30 %
7. Postproducción, tempos e requirimentos do plan de produción e de posprodución	T1, X3,X5, EE1, EE2,EE3, EE5	10 %
As persoas que perdan a avaliación ordinaria deberán poñerse en contacto, por escrito, co equipo docente, para coñecer as premisas necesarias para a superación da materia, de non ser así non serán avaliados.		
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Realizarase un traballo que debe contemplar os puntos que están nos contidos da guía, restando o contido práctico, de execución e que dependen da da integración.</p> <p>Os proxecto contempla unha adaptación dos puntos prácticos á elaboración dun proxecto textual e gráfico do proceso completo de creación e construción escenográfica para un espectáculo, desde a concepción ata a representación, integrando os saberes e procedementos adquiridos durante toda a carreira.</p> <p>As partes practicas que non se pidan realizar se avalarán ca entrega dun suposto escrito.</p>		
1. Presentación de documentación gráfica de proxecto. Dossier final.	T1,T3,T7,T8,X3,X4, EE1, EE2,EE3,EE5	30 %
2. Suposto de plan de traballo e asistencia a ensaios.	T1,T3, EE3.	10 %
3. Suposto de traballo de ensaios	T1,T3, EE3.	
3. Suposto de plan de montaxe en sala.	T1,T3, EE3.	10 %
4. Materiais para a recepción.	T3, X6, EE2, EE3	10 %
5. Rexistro, documentación e memoria final.	T1,T3,T7,T8,X3,X4, EE1, EE2,EE3,EE5	30 %
7. Postproducción, tempos e requirimentos do plan de produción e de posprodución	T1, X3,X5, EE1, EE2,EE3, EE5	10 %
As persoas que perdan a avaliación ordinaria deberán poñerse en contacto, por escrito, co equipo docente, para coñecer as premisas necesarias para a superación da materia, de non ser así non serán avaliados.		

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

As derivadas do proxecto e:

- HOWARD, Pamela: *Escenografía (Biblioteca de Teatro. Manuais)*, Ed. Galaxia, Vigo, 2004.
- LABRA, José María: *Regiduría, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2008.
- LAVER, James: *Breve historia del traje y la moda*, Cátedra, Madrid, 1989.
- LÓPEZ DE GUEREÑU, Javier: *Decorados y Tramoya, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2003.
- MORENO, JUAN C., y LINARES, CÉSAR: *Iluminación, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2000.
- PRUNER, Michel: *A fábrica do teatro (Biblioteca de Teatro. Manuais)*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005.
RACINET, Albert: *Historia del vestido*, Libsa Editorial S.A., Madrid, 2000.
- RINALDI, MAURICIO, *Diseño de iluminación teatral*, editorial Dunken, Buenos Aires, segunda edición: 2006. ISBN-10: 987-02-2121-1, ISBN-13: 978-987-02-2121-0
- SIRLIN, ELI, *La luz en el teatro. Manual de iluminación*, Instituto Nacional del Teatro, Buenos Aires, 2005. ISBN: 987- 943-33-5
- VALENTÍN-GAMAZO GARMENDIA, Teresa: *Gestión, producción y marketing teatral, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 1998.
-

Referencias complementarias:

-

Ao longo do curso o profesor engadirá referencias bibliográficas segundo os temas vistos na aula.

Observacións

Non é obrigatoria a adquisición de material bibliográfico por parte do alumnado, no caso dunha planificación extraordinaria con modalidade online, o alumnado disporá de toda a información e documentos para superar a asignatura nas clases online, na plataforma Moodle e o correo electrónico.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

- Dada a especificidade da materia, o desenvolvemento de certas tarefas usando os recursos e instalacións do centro, podería requirir a asistencia do alumnado en horario de tarde.
 - Para ser avaliado é necesario ter superado todos os ítemes (exames, entregas, traballos...) cun mínimo de 5. Non ter superado algún dos ítemes, implicaría a imposibilidade de facer a media das partes.
 - Os exames, entregas e convocatorias deberán axustarse aos prazos e horas indicados polo profesorado da materia ou Xefatura de Estudos. O seu non cumprimento implicaría a non superación do ítem.
 - Non poderán ser avaliados aqueles traballos que, sen detrimento das "NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ACADÉMICOS DÁ ESAD-Galicia", non respecten á hora de xerar a documentación técnica do seu proxecto as normas UNE e USITT (Graphic Standards: <https://goo.gl/Vjrlqw>) para planos técnicos e construtivos; normas USITT-Lighting Design Standards (<https://goo.gl/t7zP76>) para o deseño de iluminación.
 - Recoméndase a lectura da "GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS NA PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCENOGRÁFICOS".
 - Este documento podería estar suxeito a modificacións en función do alumnado, do centro e doutros proxectos de colaboración que poidan xurdir.
 - Para a consecución dos obxectivos de esta materia aconséllase a realización de proxectos integrados có resto das especialidades, no caso contrario, deberase manter unha xuntanza có equipo docente, có fin de realizar as adaptacións curriculares pertinentes.
 - Para unha realización segura das prácticas no teatro, será preciso asistir a clase cun calzado axeitado con sola de goma. Non se poderá asistir a clase con sandalias ou calzado similar nin con tacóns.
 - Está prohibido acudir a clase tendo consumido alcol ou calquera tipo de sustancias estupefacientes.
- Atención á diversidade: ao tratarse dunha materia cunha gran carga práctica, valorarase cada posible situación de xeito particular para garantir unha resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS (O que proceda, de ser o caso)

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1.

Competencias: T1, T2, T3, T6, T7, T8, T9, X2, X3, X4, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6

De non seren posible a integración cas outras especialidades, e/ou a posta en práctica do proxecto, que é o apartado que se acadará no segundo cuatrimestre, o alumno entregará só una proposta escrita e carpeta de documentación gráfica do proxecto.

-O traballo debe contemplar os puntos que están nos contidos da guía, restando o contido práctico, de execución e que dependen da integración que non se poderá levar a cabo.

Os proxecto contempla unha adaptación dos puntos prácticos á elaboración dun proxecto textual e gráfico do proceso completo de creación e construción escenográfica para un espectáculo, desde a concepción ata a representación, integrando os saberes e procedementos adquiridos durante toda a carreira.

Ponderación:

30% Grao e nivel de participación e actitude, capacidade e dispoñibilidade de traballo, e de comunicación e transmisión clara de ideas, así como a capacidade de realizar e aceptar unha crítica construtiva.

10% Presentación online-defensa do proxecto.

60% Memoria do proxecto. Parte de deseño e máis explicación textual da parte práctica.

METODOLOXÍA/PLANIFICACIÓN

A asignatura contempla un traballo explicado dende o inicio do curso e do cuatrimestre. O profesorado desta materia ten o labor de facer unha supervisión do traballo dos alumnos e o alumnado ten o labor de ir resolvendo os apartados do proxecto e entregar periódicamente os avances para a súa supervisión.

Alumnado con conectividade:

O alumnado con conectividade debe seguir a progresión do proxecto segundo os puntos especificados nos contidos, enviando por mail o acadado e formulando as súas dúbidas ao profesorado, que lle responderá polo mesma vía ou por videoconferencia.

A documentación que aporta o profesorado e axuda á realización do proxecto está pendurada na plataforma Moodle e Codex, aínda así, tamén se usará o correo electrónico para enviar documentación e resolver as dúbidas de cada alumno/a.

Alumnado sen conectividade:

O alumnado sen conectividade, deben seguir a progresión do proxecto segundo os puntos especificados nos contidos, resolvendo as dúbidas pertinentes mediante vía telefónica.

No caso de que o alumno/a solicite material de apoio, este enviarase pola mesma vía.

A defensa do proxecto será de maneira telefónica ou con envío dunha videograbación á dirección da ESADG. O material gráfico por presentar deberá ser enviado por correo ordinario á dirección da ESADG. Unha vez revisado o profesorado porase en contacto co alumnado vía telefónica para as correccións. En caso de que o alumno/a solicite material de apoio, este será enviado pola mesma vía.

Clases online

As titorías e clases online serán coa plataforma que facilite a Consellería de Educación.

Materiais e recursos

A documentación que aporta o profesorado e a axuda a acadar o proxecto estará pendurada na plataforma Moodle, Códex ou se achegará por correo electrónico.

Traballarase preferiblemente con programas de software libre.

As clases online serán a través da plataforma que facilite a Consellería de Educación, á que terá acceso o alumnado.

Información ao alumnado

O profesorado e o alumno/a terán contacto directo vía mail, titorías, e se planificarán clases online acordes á planificación da comunidade educativa .

Para facer a presentación do proxecto se convocará ao alumno a unha videoconferencia conxunta co/a docente implicado/as na materia.

O alumno deberá considerar a data do exame para o envío do Dossier final, é dicir, dito dossier non deberá chegar ao seu destino posteriormente á data de entrega.

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).